


ALGO DE HISTORIA



Hai anos, coincidindo coa chegada do outono, apañábanse as Cabazas que se sementaran entre O millo.

A rapazada que colaborara na colleita era agasallada con algunha destas cabazas para que nelas tallaran caveiras arrepiantes, canto máis arrepiantes moito mellor e que as colocaran, a noite do 31 de outubro e cunha candeia dentro, nos camiños, entre as silveiras, nas fiestras das casas... co aquel de meterlle medo á xente que pasase a rentes delas.



EXPOSICIÓN DE CABAZAS

Do luns 25 ao mércores 27 realizarase no colexio unha exposición de cabazas monstruosas.

DISFRAZATE!!!

O venres 29, os nenos e nenas que o desexen poden vir monstruosamente disfrazados (sen accesorios)

SAMAÍN

2021



A FESTA
DAS CABAZAS
A FESTA
DOS GALAGÚS

Tallar caveiras nas cabazas é un costume galego que, de novo, volta ser popular.



CEIP

NOVO MESOIRO

COMO SE TALLA UNHA CABAZA?



1 Escolle a túa cabaza. O tamaño non importa, pero procura que estea máis verde que madura. Aguantará máis tempo.

2

Coa axuda dun familiar maior corta a parte superior da cabaza e gárdaa. Servirache de tapa.



3

Colle unha culler e baleira o interior da cabaza. Límpaa moi ben para que quede só a tona dura do exterior.

4

Talla unha cara que dea moito medo. Cun coitelo ide tallando os ollos, o nariz, a boca...



5

Decora a cabaza, colócalle unha candeia no interior e xa está. Colócaa na fiestra, na terraza, nun valado, no camiño e... a meter medo á veciñanza!